

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

*RESOLUCIÓN do 11 de abril de 2022, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se resolven as solicitudes de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade, convocadas pola Resolución do 23 de decembro de 2021 (código de procedemento SI427A).*

Mediante a Resolución do 23 de decembro de 2021, da Secretaría Xeral da Igualdade (DOG núm. 11, do 18 de xaneiro de 2022), establecéronse as bases reguladoras e convocáronse para o ano 2022 as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

Segundo o artigo 14.3 das bases reguladoras, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación.

Unha vez rematada a fase de instrución das solicitudes recibidas na Secretaría Xeral da Igualdade, avaliadas as solicitudes pola Comisión de Valoración prevista no artigo 12.2 das bases reguladoras, vista a proposta de resolución formulada polo órgano instructor e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias,

#### RESOLVO:

Primeiro. Conceder as subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade que se indican no anexo I pola contía resultante logo da aplicación do establecido no artigo 5.8 das bases reguladoras, por un importe total de 1.395.084,17 euros, con cargo á aplicación orzamentaria que se indica a seguir:

Aplicación	Código proxecto	Importe
11.02.313B.481.2	2021 00062	1.395.084,17

Estas axudas están financiadas con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. No anexo II relaciónanse as solicitudes que quedan na lista de espera segundo a orde de puntuación e que, de ser o caso, poderán ser atendidas a través do



crédito que quede sen comprometer por producirse algunha renuncia, por modificación nos proxectos inicialmente presentados ou por un incremento do crédito orzamentario dispoñible destinado a estas subvencións. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución.

Terceiro. Excluir as solicitudes que se relacionan no anexo III, con indicación da causa específica, por non cumpriren algún dos requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Cuarto. De acordo co establecido no artigo 14.4 das bases reguladoras, unha vez notificada a resolución de concesión, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez (10) días a súa aceptación, e comprometerse a executar o programa ou actuación subvencionada no prazo e nas condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

Quinto. De acordo co establecido no artigo 3 das bases reguladoras, nestas axudas é posible a concorrencia con calquera outra axuda para o mesmo obxecto e finalidade, pero o seu importe, en ningún caso, poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, superen o custo das accións subvencionadas.

Se a actuación subvencionada xera ingresos como consecuencia de achegas das participantes, taxas de inscrición, matrículas, ou equivalentes, o seu importe será deducido do gasto subvencionable no momento da concesión da axuda, en atención aos declarados na solicitude de subvención. Para o caso de que os ingresos obtidos non se fixesen constar na solicitude ou fosen superiores aos declarados nela, a dedución farase ou reaxustarase no momento do pagamento final.

Sexto. As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como coas condicións e obrigas establecidas no artigo 19 (Obrigas das entidades beneficiarias) das bases reguladoras e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación.

Sétimo. No artigo 21 das bases reguladoras establécense os criterios de gradación dos posibles incumprimentos que determinan, no seu caso, a perda do dereito ao cobramento da subvención, a minoración da cantidade concedida ou, de ser o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida.



Oitavo. Unha vez notificada a resolución de concesión da subvención, a entidade beneficiaria deberá comunicar no prazo de dez (10) días a súa aceptación, e comprometerse a executar o programa ou actuación subvencionada no prazo e nas condicións establecidas na convocatoria. No caso de non comunicar o dito aspecto no prazo indicado, entenderase tacitamente aceptada.

Noveno. De acordo co establecido no artigo 18.2 das bases reguladoras, realizarase un primeiro pagamento do 90 % da contía da subvención concedida, en concepto de pagamento anticipado, que se fará efectivo unha vez realizada a notificación da resolución de concesión. As entidades beneficiarias quedan exoneradas da obriga de constituír garantías.

O 10 % restante, ou a parte que corresponda, librarase logo da xustificación polas entidades beneficiarias do cumprimento da finalidade para a cal se concedeu a subvención e demais condicións exixidas.

Décimo. O período de referencia para o desenvolvemento do programa e para a imputación dos gastos subvencionables é o comprendido entre o 1 de outubro de 2021 e ata o 31 de agosto de 2022, ambos os dous incluídos.

Undécimo. A data límite para a presentación da documentación xustificativa necesaria para proceder ao pagamento da subvención é o 12 de setembro de 2022.

Duodécimo. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a secretaria xeral da Igualdade, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao desta publicación, de conformidade co establecido nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao desta publicación, de acordo co establecido nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2022

Susana López Abella  
Secretaria xeral da Igualdade

CVE-DOG: 41w7pmw1-xot6-zhx7-mnz6-kpkjipj0jimp6



## ANEXO I Concesións

Nº de expediente	Entidade (por número de expediente)	NIF	Programa subvencionado	Custos directos de persoal	Total gasto subvencionable (custos directos persoal + 20 % custos indirectos)	Puntos	Importe concesión
SI427A-2022-000000002-00	Asociación Redmadre Coruña	G70180229	Briana	34.234,28	41.081,14	77	32.864,91
SI427A-2022-000000003-00	Asociación Participación	G32477127	Abrindo cancelas con flores	8.360,00	10.032,00	83	8.025,60
SI427A-2022-000000004-00	Asociación Red Madre Ourense	G32394082	Proxecto nais e fillos	19.291,14	23.149,37	82	18.519,50
SI427A-2022-000000007-00	Fundación Érguete-Integración	G36861078	Proxecto E. V.A. (emprego-visibility-autonomía)	35.805,68	42.966,82	79	34.373,46
SI427A-2022-000000009-00	Asociación Pro Salud Mental A Creba	G15476310	Apoio integral a mulleres con doenzas mentais procedentes do medio rural	10.864,84	13.037,81	66	9.126,47
SI427A-2022-00000010-00	Asociación íntegro para la Diversidad Funcional de las Comarcas de Bergantiños Terra de Soneira	G15173263	PIMD rural	19.668,45	23.602,14	79	18.881,71
SI427A-2022-00000012-00	Asociación de Ayuda a la Vida (Ayuví)	G36802536	Ti podes	26.312,65	31.575,18	78	25.260,14
SI427A-2022-00000014-00	Asociación Alume Saúde Mental	G27198977	Programa pluriassistencial de apoio e rehabilitación con aloxamento para mulleres en situación de especial vulnerabilidade con enfermidade mental	31.754,11	38.104,93	71	26.673,45
SI427A-2022-00000016-00	Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza	G36527745	Ollando cara o futuro III	12.022,40	14.426,88	74	10.098,82
SI427A-2022-00000017-00	Asociación Amicos	G15747678	Programa mulleres, discapacidade e prevención de maltrato	40.000,00	48.000,00	66	33.600,00
SI427A-2022-00000019-00	Asociación Aliad Ultraia	G27021120	Programa Semlleiras	33.324,17	39.989,00	90	35.990,10



Nº de expediente	Entidade (por número de expediente)	NIF	Programa subvencionado	Custos directos de persoal	Total gasto subvencionable (custos directos persoal + 20 % custos indirectos)	Puntos	Importe concesión
SI427A-2022-00000020-00	Asociación Andaina Pro Saúde Mental	G70264999	Atención integral para a promoción da autonomía das mulleres no rural con trastorno mental 2022	14.130,53	16.956,64	72	11.869,65
SI427A-2022-00000022-00	Asociación de Coaching para el Desarrollo Social y Comunitario Daleth	G70480595	Programa Daleth 2021/2022 para mulleres en situación de especial vulnerabilidade: <i>Bolboretas 6.0</i>	39.994,00	47.992,80	73	33.594,96
SI427A-2022-00000024-00	Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer y otras demencias de Galicia -Afaa Alzheimer	G36776920	Programa de atención integral a mulleres cuidadoras de persoas con demencia	39.982,22	47.978,66	71	33.585,06
SI427A-2022-00000026-00	Federación Escolas Familiares Agrarias Galicia-EFA Galicia	G15299357	Mulleres con proxecto-SEAP (servizo de emprendemento e asesoramento personalizado)	4.677,42	5.612,90	80	4.490,32
SI427A-2022-00000027-00	Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia-Feafes Galicia	G15545353	Atención integral a mulleres con problemas de saúde mental en situación de vulnerabilidade	35.838,17	43.005,80	72	30.104,06
SI427A-2022-00000029-00	Auxilia Deleación Lugo	G08317059	Diversas pero iguais VII	13.594,96	16.313,95	73	11.419,77
SI427A-2022-00000030-00	Cárteras Diocesanas de Ourense	R3200098F	<i>Garatuxa</i>	16.655,33	19.986,40	71	13.990,48
SI427A-2022-00000032-00	Asociación Penitenciaria Concepción Arenal	G27119809	Atención integral a mulleres en situación pre-intra e post-penitenciaria e familias afectadas	38.925,00	46.710,00	84	37.368,00
SI427A-2022-00000034-00	Asociación Síndrome de Down Teima de Ferrol	G15458060	Mulleres teimudas: apoio na etapa adulta ás mulleres coa Síndrome de Down e discapacidade intelectual	16.837,75	20.205,30	66	14.143,71
SI427A-2022-00000036-00	Federación Provincial de Mulleres Rurais de Ourense-Femuro	G32237869	Tecendo oportunidades	13.076,47	15.691,76	83	12.553,41

